



**A cuadrilla 'Irixoa' convértese na nova Campiona Provincial de A Coruña de caza de raposo**

A proba tiña lugar o día 20 de xaneiro, nos Tecores das Sociedades de Cazadores 'Virxe da Cela' de Monfero, 'Xabarán' de Pontedeume, Sta. María de Alto Xestoso, Monfero, Val Xestoso, 'Alecrín' de Irixoa, 'A Becacina' e 'Asociación Baxoi'.

As 65 cuadrillas inscritas, que sumaban un total de 715 cazadores e arredor de 650 cans, saíron as 9 horas da mañá para o cazadeiro, dándose por finalizada a proba ás 14 horas. No foi grande o número de raposos que se cazaron, pois sumaron un total de 20, ademais a abundancia de corzos e xabaríns fixo que algúns equipos pasasen a xornada tras os seus cans.

Con isto, ás 15 horas o xurado de competición e mais os directores da proba, á vista dos resultados de raposos aportados ó control, declararon definitiva a clasificación seguinte:

**Clasificación final**

Pos.	Cuadrilla	Raposos	Puntos
1º	IRIXOA	3	1500
2º	CINEXÉTICA MUXIANA	2	1000
3º	CUADRILLA DO XESTAL	2	1000
4º	VILACHA	1	500
5º	PANCHO VILLA	1	500
6º	CORISTANCO B	1	500
7º	RAPOSEIROS DE TRAZO	1	500
8º	OS XEITOSOS DE TRAZO	1	500
9º	OS FURTIVOS	1	500
10º	CAMBRE	1	500

**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)



A cuadrilla 'Irixoa', Campiona Provincial 2007



A cuadrilla 'Cinexética Muxiana' rematou na 2ª posición



A 'Cuadrilla do Xestal' foi a terceira clasificada da proba



A participación do campionato no foi exclusivamente masculina